



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xuño 2023


Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xuño de 2023 unha caída do 4,8% con respecto a xuño de 2022; en España o descenso foi do 1,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 5,3%, os bens de equipo aumentaron un 7,4% e os bens intermedios caeron un 13,5%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 7,6%
- Por ramas de actividade a achega positiva mais destacable corresponde á “fabricación de vehículos de motor”, que achega 2,3 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: “outras industrias extractivas”, que restan 2,3 puntos e “industria do papel” e “metalurxia”, que restan 0,8 puntos cada unha a taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2023



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xuño de 2023 unha caída do 4,8% con respecto a xuño de 2022; en España o descenso foi do 1,4%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 5,3%, os bens de equipo aumentaron un 7,4% e os bens intermedios caeron un 13,5%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 7,6%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 5,3%, e restan 1,6 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 7,4% e suman 1,9 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -13,5%, cunha repercusión de -3,9 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 7,6%, restando 1,2 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de maio de 2023, por destino económico, os bens de consumo empeoran 6,0 puntos, os bens de equipo 11,4 puntos, os bens intermedios 16,6 puntos e a enerxía 8,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual en xuño do 4,8% débese principalmente ás achegas negativas (-8,3 puntos) de quince ramas. As principais foron: "outras industrias extractivas", que restan 2,3 puntos e "industria do papel" e "metalurxia", que restan 0,8 puntos cada unha a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (3,5 puntos) de once ramas, a principal foi a "fabricación de vehículos de motor", que suma 2,2 puntos e, en menor medida, "fabricación doutro material de transporte", que achega 0,2 puntos a taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xuño moveuse entre o 8,0% de Canarias e o -13,2% de Murcia. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Madrid (4,2%), La Rioja (3,4%), Cataluña (3,4%), Extremadura (1,9%), Castilla y León (1,4%) e Illes Baleares (-1,1%).

IPI Xuño 2023


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (6,6%) e Madrid (4,9%). As comunidades con maiores descensos son Murcia (-9,7%) e Asturias (-4,7%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xuño 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	104,5	-4,8	4,3	--	--
Bens de consumo	139,9	-5,3	-1,0	-1,6	-0,3
Bens de equipo	114,8	7,4	15,7	1,9	3,7
Bens intermedios	109,2	-13,5	-5,7	-3,9	-1,6
Energía	59,1	-7,6	14,2	-1,2	2,5
España					
Xeral	111,9	-1,4	0,2	--	--
Bens de consumo	114,5	1,3	1,1	0,3	0,3
Bens de equipo	127,2	4,6	6,6	1,1	1,5
Bens intermedios	112,8	-3,1	-3,0	-0,9	-1,0
Energía	91,8	-9,5	-3,2	-1,9	-0,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2023

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-4,8		4,3		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	16,3	2,2	30,3	3,6	13,1
Fabricación doutro material de transporte	22,0	0,2	16,1	0,2	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	6,9	0,2	8,4	0,2	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	3,2	0,2	-21,1	-1,3	3,6
Industria da alimentación	1,0	0,1	-4,3	-0,7	13,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,8	0,1	0,0	0,0	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	8,0	0,1	17,6	0,2	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	2,0	0,1	12,2	0,3	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-2,6	-0,1	0,2	0,0	2,6
Industria téxtil	-19,7	-0,1	-1,5	0,0	0,6
Outras industrias manufactureiras	-25,5	-0,2	-15,4	-0,1	0,5
Fabricación de mobles	-16,5	-0,4	-3,7	-0,1	1,1
Confeción de roupa de vestir	-5,3	-0,5	8,4	0,6	4,1
Industria química	-27,1	-0,5	-9,4	-0,2	1,5
Fabricación de bebidas	-8,8	-0,5	4,8	0,2	3,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-4,6	-0,5	20,3	2,6	22,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-7,1	-0,6	-4,3	-0,4	7,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-21,2	-0,8	-28,6	-1,2	5,1
Industria do papel	-34,3	-0,8	-9,0	-0,2	2,2
Outras industrias extractivas	-66,0	-2,3	44,1	0,7	1,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	111,9	-1,4	0,2
Galicia	104,5	-4,8	4,3
Andalucía	101,5	-6,3	-2,3
Aragón	118,2	-4,9	0,7
Asturias	98,3	-9,1	-4,7
Balears (Illes)	104,7	-1,1	-0,2
Canarias	99,3	8,0	6,6
Cantabria	110,1	-1,9	-2,9
Castilla - La Mancha	106,7	-3,4	2,3
Castilla y León	98,0	1,4	4,6
Cataluña	113,6	3,4	-0,1
Comunitat Valenciana	116,5	-4,6	-1,6
Extremadura	110,5	1,9	-0,2
Madrid	122,5	4,2	4,9
Murcia	112,1	-13,2	-9,7
Navarra	126,0	-1,7	-2,1
País Vasco	116,3	-3,6	-1,5
Rioja (La)	85,9	3,4	-2,5

FONTE:INE